

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

*Corrección de erro na aprobación de bases do procedemento de selección dun funcionario interino, administrativo vinculado á execución do Plan Oroso Dixital 2018-2020*

### ANUNCIO

Corrección de erros nas bases de selección dunha praza de Administrativo, funcionario interino no marco do Plan Oroso Dixital 2018 – 2020.

Con data de 30 de abril de 2018 o Sr. Alcalde procedeu a ditar a seguinte resolución:

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERRO NA APROBACIÓN DE BASES DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO INTERINO, ADMINISTRATIVO VINCULADO Á EXECUCIÓN DO PLAN OROSO DIXITAL 2018 - 2020.**

nº EXPEDIENTE: 2018/X999/000106

Publicado con data de 30/04/2018 no BOP nº 81 anuncio da “convocatoria do procedemento de selección dunha praza de Administrativo, funcionario interino no marco do Plan Oroso Dixital 2018 – 2020” e apreciado un erro na base “10.-Procedemento de selección” de tal xeito que onde pon “cada resposta incorrecta restará 0,004 puntos” debería por “cada resposta incorrecta restará 0,04 puntos”

Considerando que segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos” pola presente e de conformidade coa competencia que me atribúe o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente **RESOLVO:**

**Primeiro:** Corrixir o erro existente na resolución ditada por esta Alcaldía con data de 23/04/2018 referente á “convocatoria do procedemento de selección dunha praza de Administrativo, funcionario interino no marco do Plan Oroso Dixital 2018 – 2020” de tal xeito que na base “10.-Procedemento de selección” **onde pon:**

“Primeira proba

Obrigatoria e eliminatoria. Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 80 preguntas, con catro respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa específico da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 60 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,125 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,004 puntos. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.”

**Deberá dicir:**

Primeira proba

Obrigatoria e eliminatoria. Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 80 preguntas, con catro respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa específico da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 60 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,125 puntos. **Cada resposta incorrecta restará 0,04 puntos.** A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

**Segundo:** Proceder a publicar a presente corrección de erros no BOP na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello de Oroso, e ampliar o prazo de presentación de instancias para todos aqueles interesados en participar

no presente procedemento de selección, en 10 días naturais a contar desde a publicación da presente corrección de erros, sen prexuízo de ter por presentadas todas aquelas instancias que foran presentadas antes da publicación da presente corrección de erros.

En Oroso a 30 de abril de 2018.

O Alcalde.

Manuel Mirás Franqueira.

2018/3060